



## **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE ALUGAMENTO DE VEHÍCULOS**

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (en adiante SPI Galicia) é unha sociedade mercantil anónima con capital social integramente de titularidade pública.

A sociedade ten a consideración de medio propio personificado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico e ten como obxecto social o seguinte:

“Proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuación, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, logo de autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e alleamento de toda clase de bens inmobles, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que lle sexa aplicable polo carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto

idéntico ou análogo. Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrencia propios de contratación administrativa.”

A Sociedade conta co trazado completo en servizo das autoestradas AG-53, entre o Enlace de Dozón e a Autovía A-52, (31,7 km) e a AG-54, entre o intercambiador de Maside e O Carballiño (5,2 km), suxeitos ás actividades de conservación e mantemento.

Ademáis a sociedade ten encomendadas, entre outras, a xestión de diversas actuacións de carácter técnico en relación coa obra nova hospitalaria de Galicia.

Todas estas actividades están localizadas en distintos puntos do territorio galego polo que, coa finalidade de garantir a prestacións das ditas actividades de interese público, de racionalizar os custes de explotación e de garantir a seguridade dos seus traballadores, a sociedade necesita dispoñer dos medios materiais necesarios nos desprazamentos do seu persoal técnico ás diferentes obras e centro de conservación.

Polo tanto, de conformidade co establecido no artigo 16 da LCSP, este contrato refírese á subministración de vehículos dando resposta ás necesidades detectadas de desprazamentos do persoal de SPI Galicia para o desenvolvemento das súas labores en materia de edificación e de explotación da AG -53 e AG - 54.

Actualmente, para o desenvolvemento de ditas labores a sociedade conta con 4 técnicos e con 4 vehículos en total.

Próximamente vanse incorporar 3 novos técnicos polo que xorden novas necesidades para o desprazamento polo que coa subministración destes vehículos vanse substituír tres dos existentes actualmente, polo elevado número de kilómetros e custes de reparación e mantemento que teñen, e un deles (o que ten menos núm de km) quedará ao servizo do incremento de persoal. Polo tanto pasarán a ser 5 vehículos para dar servizo aos desprazamentos tanto ás obras como ao centro de conservación dos 7 técnicos.

Os vehículos que se contraten quedarán a plena e exclusiva disposición de SPI Galicia para a realización das tarefas propias da súa actividade. No alcance do contrato estarán incluídos todos os custes de carácter administrativo, mantemento integral e seguros que xere o vehículo.

O método de cálculo aplicado polo órgano de contratación para fixar o valor estimado ten en conta os prezos habituais no mercado, todo elo en función da determinación



do coste inicial, que foi estimado a tanto alzado a partir de prezos de mercado e tendo en conta os custes derivados da execución material dos servizos.

O valor estimado calculouse tendo como base unha media anual de 25.000 Km por vehículo e incluíndo todos os servizos e requirimentos contemplados no presente prego.

Polo tanto, tomando como referencia o valor de adquisición estimado dos vehículos, a depreciación durante o período de arrendamento, os custes de mantemento, seguros e taxas obtéñense os seguintes resultados:

Concepto	s/IVA	Anual €
<b>km/año 25.000</b>		
coste inicial	25.000,00	
depreciación	16%	4.000,00
mantenimiento regular		250,00
mantenimiento extraordinario		500,00
cambio neumáticos		300,00
impuesto circulación		150,00
seguro todo riesto		700,00
total		5.900,00
coste mensual		491,67
<b>REDONDEO</b>		<b>500,00</b>

Tendo en conta todo o exposto e as estimacións realizadas, o valor estimado resúmese a continuación:

	TOTAL	IVE	TOTAL C/IVE
Orzamento base de licitación 48 meses	96.000,00	20.160,00	116.160,00

Así mesmo, de acordo co establecido nos artigos 131 e 145 da LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios que gardan relación co obxecto do contrato, son obxectivos, baseados no principio da mellor relación calidade-prezo e figurarán debidamente ponderados no prego. Os criterios son os seguintes:

A sociedade dispón do crédito orzamentario preciso para atender as obrigas que deriven para o órgano de contratación do cumprimento do contrato ata a súa conclusión.



Criterios avaliáveis de forma automática mediante a aplicación de fórmulas (obxectivos)

a) Prezo ofertado.....ata 60 puntos

Valorarase neste apartado o prezo ofertado polos licitadores, outorgándose a maior puntuación á oferta que presente un prezo máis baixo e 0 puntos en caso de que coincida co orzamento base de licitación (IVE non incluído). As restantes ofertas valoraranse en proporción lineal.

b) Recollida dos vehículos da empresa.....ata 20 puntos

SPI-Galicia conta con tres vehículos en propiedade cuxo valor de taxación aproximado é de 1.500€.

Outorgaranse 5 puntos ao licitador que ofrezca o prezo base de taxación (1.500 €) e 5 puntos por cada 200 € a maiores ata un máximo de 600 €. A non recollida valorarase con 0 puntos.

MARCA MODELO E MATRÍCULA	DATA MATRICULACIÓN	Km/aprox.
Citroen C4 1.6 HDI COOL- 7149GSZ 110CV	27/01/2010	317.122,00
Citroen C4 1.6 HDI COOL - 4283GKW 110CV	12/02/2009	325.303,00
SSANGYONG ACTYON - 4053GRD 140CV	16/10/2009	180.660,00

c) Servizo de limpeza dos vehículos .....ata 15 puntos

Outorgaranse 15 puntos ao licitador que oferte o servizo de limpeza dos vehículos nas condicións que se detallan a continuación:

- a limpeza será integral (tanto do exterior como do interior do vehículo)
- o número de lavados de cada vehículo será de 12 ao ano.

O licitador deberá facilitar cando se inicie a execución do contrato os puntos de limpeza en Santiago de Compostela.

d) Instalación dun sistema de localización de vehículos por GPS..... ata 5 puntos

Outorgaranse 5 puntos ao licitador que instale en todos os turismos un sistema de localización de vehículos por GPS mediante Web.

A empresa adxudicataria deberase facer cargo durante o período de execución do contrato do mantemento do sistema.

Con estes criterios, idóneos segundo a explicación recollida anteriormente por estar vinculados ao obxecto do contrato, e tendo en conta a súa ponderación establecida nos parágrafos anteriores, conséguese determinar a oferta economicamente máis vantaxosa en función dunha relación calidade/prezo equilibrada. Por unha parte, os aspectos técnicos permiten obter unha maior calidade dos produtos, e por outra, o criterio relativo ao prezo ofertado valora a economía do contrato.

Por outra parte, tendo en conta que o contrato que se proxecta está enfocado á posta a disposición de vehículos e non é intensivo en mánde obra, non se considerou idónea a inclusión de criterios de adxudicación referidos á conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade aos que fai referencia a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia ao non estar vinculados ao obxecto do contrato de acordo ao establecido no artigo 145 da LCSP, condición recollida no artigo 29.4 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, modificada pola citada Lei 5/2021.

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados considerarase que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións cunha  $B_i$  que exceda en dez (10) ou máis unidades ó valor da "baixa media"  $B_m$ .

Presunción de temeridade:  $B_i > B_m + 10$

Sendo;

$B_m$ =Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B_i$  = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por

cento sobre do orzamento base de licitación (IVE excluído), de todas as proposicións admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

n = Número de ofertas admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

O contrato será adxudicado a aquela empresa licitadora que acade unha maior puntuación como resultado da suma das puntuacións obtidas para cada un dos criterios anteriormente sinalados.

Para calcular a baixa de referencia seguirase as instrucións especificadas no punto anterior.

Cando concorran á licitación presentando distintas proposicións económicas, de xeito individual ou en unión temporal de empresas, empresas vinculadas ou pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as presentadas por estas empresas ou polas UTEs de que formen parte.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, conforme ao establecido nos parágrafos anteriores, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que, no prazo de 5 días hábiles, xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definira a anormalidade da oferta, mediante a presentación da información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos. Concretamente, a mesa de contratación ou no seu defecto o órgano de contratación, poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire aos valores recollidos no artigo 149.4 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumplan as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.



Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no artigo 149.4 da LCSP, estimase que a información recadada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta. Así mesmo, resultará excluído da citada clasificación se o licitador non contestase ao requirimento da información xustificativa solicitada.

O valor estimado do contrato tivo en conta as normativas e convenios laborais vixentes, os custes derivados da execución material atendendo aos prezos xerais de mercado. O prego de prescricións técnicas particulares establece as partidas unitarias en que se descompón o importe do contrato en función do tipo de subministro. Ademais, de conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP non procede a revisión de prezos no contrato.

Debido á natureza da subministración obxecto do contrato en réxime de aluguer non se considera axeitado o establecemento dun prazo de garantía polo que ao abeiro do disposto no artigo 210.3 da LCSP se exceptúa o establecemento do citado prazo de garantía. En todo caso o adxudicatario deberá prestar as garantías establecidas na cláusula 3.e) no prego de prescricións técnicas durante a execución do contrato.

Así mesmo, e en aplicación do artigo 202 da LCSP no prego de cláusulas administrativas particulares recóllense as seguintes condicións especiais que garanten a execución do contrato nos termos pactados:

1.- Adscrición de medios

O adxudicatario estará obrigado a manter adscritos a execución do contrato todos os medios necesarios para a súa execución. En particular, estarán a disposición todos aqueles medios persoais e materiais que foran recollidos na súa oferta (ou substituídos por outros equivalentes coa conformidade da dirección do contrato, do responsable do contrato ou do órgano de contratación) e, de forma específica, os medios comprometidos, de ser o caso, recollidos no cadro de características de conformidade co artigo 76 da LCSP como concreción das condicións de solvencia.

2.- Obrigas de carácter social e laboral

O adxudicatario estará obrigado a cumprir as seguintes condicións:

a) O cumprimento das normas legais, os convenios colectivos e os acordos de negociación colectiva de eficacia xeral que sexan de aplicación segundo o caso. Especialmente, e cando proceda por estar recollido en calquera dos instrumentos citados anteriormente, a obrigaón de subrogación como empregador en determinadas relacións laborais.

b) Executar o contrato cumprindo estritamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Sen prexuízo de outras responsabilidades por infracción das ditas normas, entenderase incumplido de maneira esencial este contrato cando con ocasión da execución do contrato e durante a vixencia do mesmo, se impuxeran pola Autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumplimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais. Este incumplimento de maneira esencial será causa de resolución do contrato.

### 3.- Obrigas de carácter medioambiental

O adxudicatario executará o contrato cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia ambiental.

Sen prexuízo de outras responsabilidades por infracción das ditas normas, entenderase incumplido de maneira esencial este contrato cando con ocasión da execución do mesmo e durante a vixencia do contrato, se impuxeran pola Autoridade ambiental, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumplimento da lexislación ambiental e protección de medio ambiente. Este incumplimento de maneira esencial será causa de resolución do contrato.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia veñan contempladas na súa oferta.

### 4.- Obrigas en materia de subcontratación

O adxudicatario deberá cumprir todas as prescricións relativas á subcontratación recollidas nos artigos 215 e seguintes da LCSP.

Antes de subscribir o contrato, verificarase a existencia dunha declaración responsable por parte do adxudicatario da intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do





subcontratista, que contan coa capacidade e aptitude para executala e que non se atopan incursos en prohibición de contratar.

As proposicións presentaranse unicamente en formato electrónico a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) dentro do prazo sinalado no anuncio do perfil do contratante e da Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia, segundo as condicións establecidas na cláusula 3 do PCAP.

Por último, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece con preferencia a autoprovisión cos bens e/ou servizos dispoñibles dentro do propio sector público autonómico de Galicia nun marco de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas entre os órganos e organismos no ámbito interno do dito sector público de xeito que a execución das competencias e funcións do sector público autonómico realizaríanse cos medios propios dispoñibles no mencionado sector público, garantindo así a eficacia do mesmo no exercicio das súas competencias e o uso racional, eficiente e eficaz dos recursos públicos existentes.

O sector público autonómico de Galicia, de acordo co que se dispón na citada lei, está integrado polas consellarías que compoñen a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público.

No presente suposto no que atinxe aos traballos incluídos no contrato referido a licitar, non é posible a autoprovisión cos bens e/ou servizos dispoñibles dentro do restante sector público autonómico de Galicia e, polo tanto, cómpre acudir a medios externos mediante esta contratación.

O catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión previsto no artigo 8 na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, foi aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 18 de setembro de 2014 e publicado pola Resolución do 17 de novembro de 2014 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos termos previstos no artigo 9 da mesma norma legal, no Diario Oficial de Galicia n°7, do 13 de xaneiro de 2015.

O catálogo aprobado ten carácter de único de xeito que integra os de todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico.



No catálogo publicado inclúense expresamente os medios e prestacións que poderán ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico. Dos medios e prestacións incluídos no catálogo resulta a inviabilidade da autoprovisión ou do cumprimento interno dentro do sector público autonómico das necesidades que se pretenden cubrir co presente contrato.

Polo tanto, a imposibilidade de facer uso da autoprovisión, isto é, do cumprimento por outros órganos ou entidades instrumentais do sector público autonómico das necesidades que se pretenden satisfacer, mediante algún dos procedementos ou instrumentos de cooperación, colaboración e asistencia interna indicados na Lei 14/2013, do 26 de decembro, deriva substancialmente da carencia, insuficiencia ou inadecuación dos medios persoais, técnicos e/ou materiais propios dos que se dispón nese ámbito, sendo inviable a realización das prestacións obxecto do contrato a través de medios de xeito interno.

En definitiva, a indispoñibilidade actual dentro do restante sector público autonómico de Galicia dos medios, prestacións e servizos que se precisan para a execución dos traballos e demais tarefas comprendidas no obxecto de contratación externa, acredítase substancialmente tendo en consideración o contido do catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión publicado e basicamente á vista en termos xerais da estrutura organizativa e ámbito competencial vixente na Administración xeral da Comunidade Autónoma e nas restantes entidades instrumentais integrantes do sector público en relación cos seus fins institucionais e servizos, prestacións e funcións da súa competencia.

Así mesmo, os traballos, independentemente do territorio no que radique a sede do licitador, desempeñaranse esencialmente na Sede Social de SPI GALICIA, SA, situada en Santiago de Compostela, A Coruña.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2023

Angela Bouzada Valverde

Coordinadora de Áreas